

ACTA (MINUTA - BORRADOR)

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2018/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	10 de Maio de 2018
Duración	Desde as 21:07 ata as 23:17 horas
Lugar	SALÓN DE SESIÓNS
Presidida por	FÁTIMA ABAL ROMA
Secretario	EVA MARÍA CASAL SANJURJO

ASISTENTES

PSOE: D^a. Fátima Abal Roma; D. Miguel Pérez Osorio; D^a. Milagros Martínez Piñeiro.

BNG: D^a. M^a. Josefa Cacabelos Domínguez; D^a. M^a. Teresa Prado Cores; D. Víctor Manuel Caamaño Rivas.

Somos Cambados: D. Xurxo Charlín Trigo; D. Constantino Cordal Rodríguez.

Cambados Pode: D. José Ramón Abal Varela.

PP: D. Luís Aragunde Aragunde; D^a Ana Isabel Oubiña Santos; D. Antonio J. Iglesias Pombo; D^a M^a Isabel Varela Piñeiro; D. Juan Ramiro Gómez Blanco; D. Luís Alberto Serantes González; D^a Mónica Brea Troncoso

Escusa a súa ausencia, por motivos persoais D. Eulogio Pomares Botana.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Ilmo. Concello de Cambados, sendo as nove horas e sete minutos do día dez de maio de dous mil dezaoto, e co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal, e tratar dos asuntos incluídos na orde do día, na convocatoria cursada a tal efecto, reúnen os Concelleiros mencionados anteriormente, asistidos pola Secretaria Xeral do Concello, que da fe do acto.

Unha vez verificada pola Sra. Secretaria a válida constitución do Órgano, a Sra. Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 543/2018.- APROBACIÓN ORZAMENTO PARA EJERCICIO 2018

Pola Secretaría Municipal dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio e dá lectura á Proposta da Alcaldía, en relación coa aprobación do Orzamento para o exercicio 2018, que transcrita di:

“Formado o Orzamento deste Concello correspondente ao exercicio económico 2018, así como as súas Bases de Execución e demais documentos anexos, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Visto así mesmo o Cadro de Persoal a aprobar xunto co orzamento do exercicio 2018, de acordo co disposto no artigo 90.1 de a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e nos artigos 126 e 127 do R.D.Legislativo 781/1986, do 18 de abril.

Visto e coñecido o contido do informe da Interventora municipal, de data 23 de abril de 2018.

Visto o informe emitido por Secretaría con data 02/05/2018 en relación coa lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Aos efectos establecidos no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a Ditame da Comisión Informativa de Facenda e posterior remisión ao Pleno da seguinte proposta de ACORDO

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2018, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:*

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2018 IMPORTE
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	9.458.259,60 €
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	8.813.224,05 €
1	Impostos directos	2.529.000,00 €
2	Impostos indirectos	165.000,00 €
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.064.702,00 €
4	Transferencias correntes	3.847.022,05 €
5	Ingresos patrimoniais	207.500,00 €
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	645.035,55 €
6	Alleamento de investimentos reais	0,00 €
7	Transferencia de capital	645.035,55 €
B)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	22.000,00 €
8	Activos financeiros	22.000,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL INGRESOS		9.480.259,60 €

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2018
----------	--------------	----------------

		IMPORTE
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	9.195.414,54 €
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	8.535.376,99 €
1	Gastos do persoal	3.878.255,66 €
2	Gastos correntes en bens e servizos	4.258.555,00 €
3	Gastos financeiros	6.042,57 €
4	Transferencias correntes	324.654,26 €
5	Fondo de continxencia	67.869,50 €
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	660.037,55 €
6	Investimentos reais	655.035,55 €
7	Transferencias de capital	5.002,00 €
B)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	284.845,06 €
8	Activos financeiros	22.000,00 €
9	Pasivos financeiros	262.845,06 €
TOTAL GASTOS		9.480.259,60 €

SEGUNDO. Aprobar o Cadro de Persoal do exercicio 2018.

TERCEIRO. Expor o Orzamento e o Cadro de Persoal ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei das facendas locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións. No suposto de non presentarse reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación resumido por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do concello.

CUARTO. Remitir copia á Administración do Estado, así como ao órgano competente da Comunidade Autónoma.”

Pola Alcaldía ábrese quenda de intervencións.

Toma a palabra o Concelleiro de Economía e Facenda, o **Sr. Charlín Trigo**, e comeza a súa intervención para indicar que estes son os Orzamentos máis altos dos últimos anos, indicando que o Orzamento para este ano ascende a 9.458.259,60 euros, dividido en Operacións Non Financeiras e Operacións Financeiras; as Operacións Non Financeiras correspondese coas Operacións Correntes (8.813.224,05 euros), que é a partida máis grande, e Operacións de Capital (645.035,55 euros). Explica, o Sr. Charlín Trigo, que Operacións Correntes forman parte de case o cincuenta por cento do Orzamento (8.813.224,05 euros), esclarecendo que a meirande parte corresponden a transferencias correntes (3.847.022,05 euros), que se calcularon tomando como base as achegas correspondentes á Participación en Tributos do Estado do exercicio, que supón un importe para este exercicio de 2.760.000 euros; seguido polos Impostos Directos (2.529.000 euros) que se compoñen sobre todo polo IBI e o IAE que se cobran ao largo do exercicio; e o outro grande ingreso son as taxas, prezos públicos e outros ingresos (2.064.702 euros), que o engloba practicamente as taxas do lixo. Puntualiza que este ano, tanto os Impostos Directos como os Impostos Indirectos supoñen case a metade dos ingresos que recada o Concello de Cambados, e supón unha recadación directamente dos veciños; por outra banda temos as taxas por transferencias correntes e as transferencias de capital e ingresos patrimoniais que supón o outro cincuenta por cento dos ingresos e xa non proceden directamente dos veciños. Segue a dicir que nos últimos cinco exercicios aumentouse a recadación de Impostos Directos, a pesar de que a meirande parte procede do IBI, e o seu goberno, dende o ano 2015, reduciuno un 17%, pero o aumento do ingreso ven dado polo afloramento de máis de 750 inmobles, o que supuxo uns ingresos de máis de 130.000 euros neste exercicio. Polo tanto, segue a

dicir, o importe en taxas máis ou menos mantense, e ven como se incrementou un pouco o importe de impostos indirectos, sobre todo a recadación do ICIO, o imposto de construción, e ven como as Transferencias de Capital e os Ingresos Patrimoniais son os que aumentan. Segue comentando os Ingresos por Impostos Directos, sendo o Imposto sobre Bens Inmóveis o que maior peso ten, no que recadamos un millón e medio de euros, manténdose o ingreso do exercicio pasado, a pesar de que se reduciu un 10% a recadación, producíndose isto polo afloramento voluntario de preto de setecentas novas declaracións dos veciños de Cambados, e que se aumentou a recadación grazas a esas novas declaracións en 130.000 euros; tamén se mantén a recadación por imposto sobre Vehículos de Tracción mecánica, e incrementouse en 60.000 euros o Imposto sobre Actividades Económicas; en Taxas e outros ingresos, a meirande parte corresponde á Taxa de recollida de lixo, que supón case un millón de euros; en Ingresos por Transferencias Correntes, a meirande parte procede de Participacións en Tributos do Estado, por valor de 2.760.000 euros, tendo unha diminución en comparación co exercicio anterior como consecuencia basicamente dos menores ingresos previstos na Participación nos Tributos do Estado ao non ter en conta a regularización dos exercicios anteriores, pero aínda así, a PIE que se estima a principio de exercicio houbo un ingreso de 20.000 euros con respecto ao exercicio anterior; o mesmo pasou coa participación nos Tributos da Comunidade Autónoma da Xunta de Galicia que se incrementou nunha pequena cantidade (en 30.000 euros) e o resto de Transferencias Correntes mantense con respecto ao exercicio anterior co único incremento da Transferencia da Deputación Provincial do Plan Concellos; segue explicando o Sr. Charlín Trigo, que a partida de Ingresos Patrimoniais correspondese cos arrendamentos de bens patrimoniais, fincas urbanas e concesións administrativas con contracción periódica de 25.000 euros, e outros ingresos polo arrendamento da Nave Loxística do Polígono Industrial de 70.000 euros, seguidos polos ingresos das concesións administrativas que son as renovacións dos postos da Praza de Abastos. Segue o Sr. Charlín Trigo explicando que no apartado de gasto, o principal gasto que tivo o Concello de Cambados foi a inversión en bens e servizos por importe de 4.258.555 euros seguido polos gastos de persoal que supón 3.878.255,66 euros; investimentos reais por 655.035,55 euros; as transferencias correntes por 324.654,26 euros, así como os pasivos financeiros 262.845,06 euros, que corresponden a entidades que temos que amortizar da débeda do IVA que corresponde deste exercicio. Explica que si comparan no reparto, tanto nos gastos de persoal supón o 45% e os gastos de bens correntes supón o 45% do total dos gastos en investimento no Concello de Cambados e en comparativa con outros exercicios ven como se incrementan os gastos en bens correntes, pasando de tres coma sete millóns de euros no ano 2014 a 4.258.555 euros neste exercicio; ven como tamén o gasto de persoal se incrementou de tres coma seis millóns de euros a 3.878.255,66 euros polo incremento das RPT e do establecido nos Presupostos de Estado para os funcionarios; tamén existe un incremento en transferencias correntes, que son as axudas que se dan a entidades financeiras, a entidades sociais, entidades deportivas, que pasaron de 202.000 euros a 324.654,26 euros; ademais tamén os investimentos reais neste exercicio suporán 655.035,55 euros procedentes da suma dos investimentos que se presupostaron no ano 2014 máis no 2015; dentro dos gastos de persoal, a meirande parte corresponden á Policía Local por valor 875.000 euros, seguido polo Departamento de Obras por valor de 766.000 euros e a Administración Xeral por un importe de 695.000 euros; no apartado de gastos de Bens Correntes a meirande parte do gasto prodúcese no apartado de limpeza por valor de un millón, novecentos euros; tamén no apartado de obras por importe de 197.000 euros; alumeado 285.000 euros e Servizos Sociais 390.000 euros; Sigo con gestec con un importe 300.000 euros e servizos xerais por un importe de 397.000 euros e a Oral (cantidade que lle pagamos á Deputación de Pontevedra polo servizo de recadación que temos delegado). Manifesta o Sr. Charlín Trigo que en gastos de Transferencias Correntes este ano houbo unha pequena modificación dado que van a crear unha subvención (axuda nominativa) a “Esperanza Salnés” por importe de 16.000 euros, deducíndose este importe das entidades benéficas existenciais, que se viron incrementadas en 3.000 euros con respecto ao exercicio anterior, pasando a ter 43.000 euros, explicando que por iso queda cun importe de 27.000 euros; sinala que tamén se produce un pequeno incremento en transferencias a entidades deportivas, en transferencias a ocio e tempo libre e entidades culturais; tamén informa da existencia dunha transferencia ao Consorcio Galego de

Servizo Igualdade e Ben estar (Centro de Día), para que cando se aperture o Centro de Día dispoña dos fondos precisos, pensando en pagar a parte que lle corresponde ao Concello polos usuarios que sexan do Concello de Cambados, estimando que a apertura sexa a partir do segundo semestre deste exercicio; sinalando por último a inclusión dunha nova axuda para a creación de novas empresas, destinada á alta de autónomos no Concello de Cambados, por importe de 5.000 euros. Por outro lado, cita o Sr. Charlín Trigo que en Inversións Reais superaron os 600.000 euros, sendo subvencionables a cargo do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, correspondéndose estes ás obras que se aprobaron no Pleno extraordinario anterior de 190.000 euros (mellora da capa da rodadura, arranxo do alumeadado público, melloras do centro de saúde, proxecto museolóxico Ramón Cabanillas, mellora das pistas de tenis do Pombal e a renovación da Praza de Abastos). Segue a súa intervención aducindo que as amortizacións de préstamos de crédito foron diminuídas dado que este ano terán que aboar 262.844,06 euros de crédito a entidades financeiras, sendo no ano 2014 de case medio millón, incidindo en que este ano pagarán a metade. Neste intre resalta que a débeda existente ó final do exercicio no ano 2012 era de 3.630.000 euros e ó final deste exercicio pecharán cunha débeda de 1.266.327,52 euros. Para rematar, explica que todos os anos, as catro formas políticas que forman o goberno teñen o compromiso de incrementar o importe que se destina a fondos sociais, entendendo que é moi importante que os Orzamentos reflectan o esforzo que están a facer nas distintas áreas, aforrando e reducindo gastos para destinalos a Servizos Sociais; e remarca que de cada euro que se invertía no ano 2012, agora invertese 2,2 euros, pasando de 182.000 euros a chegar case aos 400.000 euros.

Comeza a súa intervención o Sr. Aragunde Aragunde, portavoz do Partido Popular, facendo unha crítica ao goberno actual por presentar o Orzamento no mes de maio, cando o seu goberno, no ano 2013 presentara o Orzamento no mes de abril, no ano 2014 en febreiro e en 2015 en decembro do ano 2014; por outro lado, o Orzamento do ano 2018 explica que lles parece igual ó do ano 2017, coa única diferenza das inversións do Plan Concellos, que este ano entra no Orzamento; explica que o Orzamento deste ano non aumentou, senón que se incluíu 655.000 euros procedentes do Plan Concellos e a diferenza é que no Orzamento do ano anterior había 511.000 euros menos; manifesta ademais que o seu partido espera que o Plan Concellos do ano 2017 se execute con máis axilidade, dado que o Concello de Cambados é o máis atrasado de tódolos concellos da provincia de Pontevedra, e sinte que isto é síntoma da mala xestión, á par de que tamén considera que hai que ter en conta a calidade dos servizos que se prestan; por outra parte, a única partida para inversión procede da Deputación de Pontevedra, que no seu momento, cando gobernaba o Partido Popular, era criticado porque as únicas partidas para inversión procedían doutras Administracións Públicas, sinalando ó mesmo tempo que o seu goberno tamén incluía partidas con cargo a fondos propios, e incidindo en que o Partido Popular conseguía máis fondos da Deputación de Pontevedra; concluíndo que a partida de inversión do Orzamento, 655.000 euros, procede unicamente da Deputación de Pontevedra, do Plan Concellos 2017, que lle corresponde ó Concello de Cambados por Lei. O Sr. Aragunde Aragunde critica que o goberno actual consigne no Orzamento deste ano unha partida de inversión de 655.000 euros procedentes exclusivamente da Deputación de Pontevedra, mentres que cando gobernaba o Partido Popular conseguírase 650.000 euros da Deputación de Pontevedra para o arranxo da cuberta da piscina, o pavillón do instituto xunto co campo de fútbol do mesmo á parte da construción que se iniciara do Centro de Día, e ó mesmo tempo, tiñan designados 326.000 euros para inversións procedentes de fondos propios do Concello; polo tanto considera que non se aumentou a partida para inversión. Tamén engade que o Orzamento é unha previsión de gasto no 90 ou 95% de aproximación, e sen embargo o ano pasado gastaron a maiores máis de medio millón de euros en modificacións de crédito, facendo inciso en que o Concelleiro de Facenda declarara nos medios de comunicación que gastaran 823.000 euros a maiores do Orzamento en novembro do ano 2017, e considera que esa cifra se achega mais á realidade. Sinala que o goberno actual aumentou a partida de limpeza, pero sen embargo, o Concello está máis sucio que nunca; por outro lado, menciona que os veciños seguen sen cobrar a axuda para libros cando case está a rematar o curso; cuestiona si o goberno tivo en conta os cambios que piden os Sindicatos na relación de postos de traballo e como lle vai a afectar ó Orzamento, preguntando si eses cambios se van a efectuar durante este exercicio,

producindo algunha modificación ou afectando economicamente a este exercicio. Segue a súa intervención facendo unha crítica á subida da partida a Servizos Sociais, aludindo esta subida a que foron incapaces de xestionar as axudas que concede a Deputación de Pontevedra (por primeira vez en tres anos, este ano ingresaron 10.000 euros dunha subvención da Deputación de Pontevedra); ó mesmo tempo fai recordar que, no seu momento, o Partido Popular presentou unha moción para que a Deputación de Pontevedra seguira dando os 20.000 euros de subvención a Servizos Sociais, que viñan ingresando todos os anos, e este goberno votou en contra, aducindo que as subvencións nominativas non estaban permitidas, e agora, este mesmo goberno, inclúe no Orzamento unha subvención nominativa para Servizos Sociais. En canto a outras partidas do Orzamento, sinala que o Partido Popular era criticado pola contratación de proxectos a técnicos externos e neste exercicio aparecen destinados 40.000 euros a traballos alleos; outra partida do Orzamento que lle chama a atención é a de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos, que sube 35.000 euros, cando o goberno leva dous anos dándolle publicidade ao Plan Compost da Deputación de Pontevedra, argumentando que reduciría o volume do lixo e tamén a facturación, polo que non entende como dous anos despois sube esa partida 35.000 euros, ademais do gasto de seis millóns de euros por parte da Deputación de Pontevedra adicado a este proxecto; igualmente valora como excesiva a subida de 20.000 euros, con respecto ao ano pasado, adicados aos festexos; tamén lles sorprende que a partida adicada a Actividades Deportivas baixe 15.000 euros, pasando de 55.000 euros no ano 2017 a 40.000 euros este ano, e solicita que se lles de unha explicación á esa baixada do 33%; igualmente menciona a baixada do 50% da partida Orzamentaria adicada ao mantemento e reparación de Instalacións Deportivas, que pasou de 20.000 euros o ano pasado a 10.000 euros este ano, preguntando, o Sr. Aragunde Aragunde, a que se debe; menciona tamén a subida de 10.000 euros da partida Traballos empresas alleas profesionais, indicando que non sabe a que se deben; seguidamente o portavoz do Partido Popular remítese ao informe da Interventora, no cal fai un análise deste Orzamento e comenta varias cuestións, como que non se cumpre co límite de retribucións de complemento específico (368.134 euros) dado que o Orzamento comprende 436.203 euros; a necesidade de axiliza-la tramitación de facturación e cumprir co período medio de pago de 30 días, e a necesidade de impoñer un sistema de control do gasto e axuste das contratacións nas composicións legais ás dispoñibilidades orzamentarias, reforzando a utilización do sistema a proposta de gasto que garanta a comprobación da existencia de crédito pola Interventora municipal; é dicir, a interventora fai un inciso á contratación sen Orzamento e sen a tramitación legal; incide, o Sr. Aragunde Aragunde, en que a Interventora explica que os xestores deben axustarse en todo caso ás dispoñibilidades orzamentarias para que non volva a repetirse escenarios pasados como os que arroxan os datos provisionais da liquidación do exercicio do ano 2017, cun saldo na conta de máis de medio millón de euros superado o Orzamento.

Toma a palabra o Sr. Charlín Trigo para dar resposta a unha serie de argumentos expostos no Pleno; en relación á presentación do Orzamento no mes de maíos, o Sr. Charlín Trigo explica que non ve problema en que o Orzamento este prorrogado, pondo como exemplo que o Orzamento do Estado aínda este en tramitación Parlamentaria, e aclara que o documento está asinado electronicamente pola Sra. Alcaldesa en data 17 de abril; remarca ademais que cando gobernaba o Partido Popular, facíao con maioría absoluta e, polo tanto, éra máis sinxela a tramitación; por outro lado, argumenta que a única diferenza no Orzamento non é o Plan Concellos, senón que tamén aumentaron 40.000 euros en gasto sociais, reduciron en débeda 100.000 euros, incrementaron o gasto adicado á limpeza en 40.000 euros e na partida de educación aumentaron 25.000 euros; en canto ao atraso na tramitación do Plan Concellos, alega que non lles chegaron ningunha enquisa de que son os máis atrasados da provincia de Pontevedra; seguidamente aduce ao investimento doutras Administracións Públicas a que teñan que pagar 260.000 euros de débeda, e por iso non poden adicalos a outras inversións reais, como servizos sociais; facendo un inciso en que o Partido Popular gastou 50.000 euros en cámaras de vixilancia no Polígono Industrial, pero non estaban operativas e este goberno legalizounas e activounas; segue explicando que o seu goberno tamén está a facer inversións como son as obras da piscina municipal que arrastra un custe de un millón de euros, tamén hai inversións no Polígono Industrial que supera os 200.000 euros, as inversións do AGADER

que comeza as obras estes días e supera os 50.000 euros, e todo isto non ven no Orzamento; en canto ao superávit de 521.000 euros excedidos do Orzamento, aclara que a finais do primeiro trimestre estaban pagados, e acusa ao Partido Popular de deixar nos últimos cinco meses de goberno 750.000 euros en recoñecementos extraxudiciais de crédito, aclarando que a diferenza é que a débeda de 750.000 euros que deixou o Partido Popular tardaron dous anos en pagala e os 521.000 euros nos que eles se endebedaron tardaron seis meses; por outro lado, en canto a que os veciños din que Cambados está máis sucio, o Concelleiro de Facenda explica que a el tamén lle din que agora páganse as facturas, que é o importante; en canto aos atrasos nas becas escolares, expón que no día de hoxe, na Xunta de Goberno Local aprobouse a relación de beneficiarios desas bolsas escolares, detallando que na partida de transferencias de capital corrente hai unha partida adicada ás bolsas escolares por valor de 33.000 euros, e ese importe corresponde ás becas do ano pasado por valor de 13.300 euros mais os 18.000 euros previstos para entregar neste exercicio, lembrando aos presentes no Pleno, que cando o seu partido político chegou ao goberno, a dotación económica para becas escolares era de 7.000 euros, polo que quedaba xente que cumpría os requisitos e non se chegaban a beneficiar dunha beca; así mesmo, advirte de que o seu goberno invertiu 16.000 euros en “Esperanza Salnés” mentres que o goberno do Partido Popular só destinou 7.500 euros; en canto á inclusión da futura modificación da relación de postos de traballo, aclara que aínda están en negociación cos sindicatos e polo tanto aínda non chegaron a un acordo, polo que non se pode incluír no Orzamento unha partida de gasto da que non se chegou a acordo, incidindo e que si se aprobara a metade de ano, entre alegacións e publicacións, non entraría en vigor ata o exercicio seguinte, sen embargo si que se incluíu no capítulo 5, unha partida no fondo de continxencias de 67.000 euros para cubrir a previsible subida dun 1,75% na retribución dos funcionarios cando se aproben os presupostos do Estado; igualmente advirte de que a partida adicada a traballos alleos, para este Orzamento reduciuse en 12.000 euros; en canto ao custe da recollida do lixo, explica que o goberno actual arrastra un contrato, firmado polo goberno anterior, coa empresa Celta Prix (estaba sometida a un concurso de acredores e pechou), por unha adquisición moi superior á que eles van a asignar agora, contrato que o goberno actual ten en proceso de licitación, pero aínda así ten que estar incluído no Orzamento, apuntando ademais o incremento da poboación e que a liña de compostaxe non afecta á recollida de lixo, senón que afecta ao custe con SOGAMA, o cal se reduciu dende o ano 2015 en 60.000 euros. Continúa a súa intervención, o Sr. Charlín Trigo, argumentando que a partida para festexos aumentou en 10.000 euros, pero dun montante de 400.000 euros, sendo os festexos e sobre todo a Festa do Albariño unha inversión, e ó mesmo tempo, advirte que 100.000 euros proceden da Deputación de Pontevedra e 150.000 euros de recadación das Festas do Albariño (permisos de postos, etc) e axudas de entidades colaboradoras (convenio con Abanca que ingresa 20.000 euros todos os anos), e axudas de bodegas colaboradoras, polo que a partida adicada aos festexos case se cubre na totalidade; por outro lado, a partida adicada a actividades deportivas, explica que se diminuíu debido a existencia, o ano pasado, do campionato infantil masculino de baloncesto, e que este ano non se levará a cabo, polo que se reduciu o presuposto en 8.000 euros, que foi o custe dese campionato (federación galega e federación española); en canto á redución e mantemento de instalacións deportivas, sinala que nas inversións aparece unha partida adicada a inversións en instalacións deportivas, que é a pista de tenis (50.000 euros), recordando que o ano pasado gastouse máis do orzamentado no mantemento de instalacións deportivas pola existencia da necesidade de reparacións e polo tanto, este ano xa non hai que facer esa inversión; en canto á inversión de 15.000 euros en promoción económica, destaca que antes o goberno destinaba os fondos a dúas ou tres áreas, e agora, cun goberno formado por distintas formas políticas, cada un quere destinar unha parte dos fondos á súa área, polo que chegaron ao acordo de destinar 15.000 euros a cada unha das áreas (xuventude, igualdade, servizos sociais, medio ambiente, actividades nas parroquias, turismo); seguindo polo comentado do informe da Interventora, o Sr. Charlín Trigo desprende unha serie de fragmentos do informe que di o seguinte: *“en xeral as previsións de gastos son coherentes coa execución orzamentaria do exercicio anterior e do avance do actual cun texto de consolidación orzamentaria e os datos coñecidos por esta Interventora sobre compromisos de gastos as previsións son suficientes para a súa execución”, “O Orzamento de ingresos celebrouse en liñas xerais, non cun criterio de máximos si non cun criterio*

razoable con arranxo aos informes obrantes no expediente e coherente coa evolución orzamentaria dos últimos exercicios”, aclarando que o informe da Interventora expón que o Orzamento é suficiente para cubrir os gastos e que é coherente cos ingresos; por outra parte, ao exposto polo Partido Popular en canto ao recoñecemento extraxudicial, menciona que está incluído neste Orzamento (515.000 euros de gasto), indicando que se van a pagar neste exercicio. Conclúe a súa intervención indicando que o Orzamento para este exercicio cumpre cos gastos para o mantemento do Concello de Cambados e que ten os ingresos tomados coa precaución suficiente para que sexan reais para poder cumprir con eses gastos que precisa o Concello.

Toma a palabra o Sr. Caamaño Rivas, Concelleiro de Cultura e portavoz do partido político BNG, indicando que estiveron sen Interventora case un ano, a nova interventora incorporouse en xuño do verán pasado e o Orzamento non o elabora un político, se non que o elabora a Interventora, e por iso foi imposible presentar antes o Orzamento cando a intervención se incorpora ao Concello, tense que poñer ao día de todos asuntos que hai atrasados, polo que se fai imposible que se presente o Orzamento antes, á par de que tiveron cambios de técnicos imprescindibles, como é o caso do Secretario, estiveron dous meses sen Xunta de Goberno local, atrasándose os Plenos, sendo situacións que transcenden do ámbito político; comenta ademais, que cando el estaba na oposición, sempre dicía que os gastos en festexos podían racionalizarse dalgún xeito, e segue pensando que o Departamento de Cultura non está disposto a gastar un presuposto excesivo en artistas de grande calibre, crendo que o que había que facer era dignificar unha festa, que é un atractivo internacional, sendo necesario inverter moito máis en limpeza (baños) e seguridade, indicando que a cuestión non é gastar máis se non que cada ano se poida mellorar; por outro lado, en canto ao gasto excedido no Orzamento do exercicio anterior, indica que ao largo do ano apareceron unha serie de gastos, cos que non contaban, como foi a participación no Campionato de España, que houbo que acondicionar un pavillón para que fora homologado e poñer baños exteriores, tamén o Concello de Cambados foi nomeado Cidade Europea do Viño, e iso supuxo unha serie de gastos en infraestruturas, e por último a celebración de eventos polo Centenario da Confraría, entre eles deportivos; en canto ao dito polo Partido Popular, que cando gobernaba fixera unhas inversións de 326.000 euros, indica que iso é incerto, argumentando que os famosos 300.000 euros de alleamento das parcelas do Polígono, na realidade eran 26.000 euros e a maiores o que chegara da Deputación, declarando que naquel momento o Concello recibía maiores subvencións da Deputación de Pontevedra porque gobernaba o Partido Popular, pondo por exemplo que agora hai Concellos nos que goberna o Partido Popular e reciben o xusto en subvencións; en canto ás inversións adicadas ás instalacións deportivas, aclara que o ano pasado fíxose unha inversión moi grande e cambiouse a súa estrutura e funcionamento, facendo que este exercicio non sexa necesario facer unha grande inversión en mantemento; por outra parte o asunto tratado do sistema da compostaxe, comenta que o aforro non se consegue dun día para outro, e que empezará a funcionar ben de todo cando se teña unha empresa estable (teñen unha empresa temporal, que se foi prorrogando ata que poidan ter unha empresa permanente), explicando que cando o seu partido chegou ao goberno, o modelo de recollida de lixo selectiva con diferentes cubos para cada lixo, foi un desastre, porque non se conseguiu absolutamente nada, tendo un contrato cunha persoa que non o cumpriu e deixando o Concello nunha situación economicamente precaria no sector da recollida de lixo, que esperan mellorar.

Intervén a Sra. Alcaldesa para indicar que coincide en todo o exposto polos seus compañeiros de goberno facendo soamente un inciso na alusión feita polo Partido Popular a unha reunión cos Sindicatos, explicando que dende a primeira reunión que se tivo, expúxose que a Relación de Postos de Traballo é un documento vivo, que se adapta cada ano á realidade do Concello, debido tamén a que cada ano cambia o cadro de persoal (xubilacións); indica ademais, que o ano pasado fixéronse unhas negociacións co Sindicato para chegar a un acordo nesa modificación, pero as demandas dos traballadores eran dun custe moi elevado, difícil de asumir naquel momento; debido ao mencionado o que se negociou cos Sindicatos foi que o ano pasado se ían a realizar unha serie de modificacións nas RPT e que este ano se farían as restantes modificacións que eran necesarias para adecuar o cadro de persoal á realidade do Concello; debido a isto, cada ano vaise a ir modificando a Relación de Postos de Traballo.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde e reitera que efectivamente pódese saber que o Concello de Cambados é un dos concellos máis atrasados na execución do Plan Concellos 2016 e 2017; aclara que o Partido Popular esta de acordo en que se traian subvencións doutras administracións, o que critica é que a única subvención que adquiriu este goberno foi a que lle corresponde ao Concello de Cambados por Lei, indicando que cando gobernaba o Partido Popular facía proxectos e presentábanse na Deputación de Pontevedra para conseguir ingresos; respecto á construción da piscina municipal, precisa que o goberno actual está a levala a cabo cunha consignación que deixou o Partido Popular (650.000 euros), consignación que foi ampliada polo goberno actual, e achaca os tres anos de atraso nas obras a que o goberno pretende inaugurala no ano electoral, e non por unha modificación do proxecto, actuación que se leva a cabo nun máximo de tres meses; con relación aos 700.000 euros gastados en cinco meses, polo Partido Popular, argumenta que o goberno actual tamén gastou 521.000 euros en seis meses, sendo en ambos casos un exceso de gasto no exercicio, e que na realidade ese exceso sáldase a conta dunha mingua na capacidade deste ano, incidindo en que este ano 2018 o Concello de Cambados ten unha mingua de capacidade de 521.000 euros porque son facturas que quedaron sen pagar o ano pasado, mais os 655.000 euros que incluíron no plan inversións, convértense en máis de un millón de euros de diferenza de Orzamento, si o comparamos co Orzamento do ano 2017; segue a dicir o Sr. Aragunde Aragunde que aínda hai facturas sen pagar da Festa do Albariño do mes de agosto, e sospeita da data que figurará nesas facturas e de como se pagarán (inseguridade que lle chega por un empresario); en canto ao asunto tratado sobre SOGAMA, explica que no ano 2015 esta empresa aprobou unha rebaixa do 10% para os Concellos, rebaixa que se aplicou no ano 2016, e dicir, o goberno actual desfrutou dunha rebaixa con respecto ao gasto que tiña o goberno anterior, pasando a ter 60.000 euros menos de gasto (de 600.000 euros), engadindo que agora o goberno está a pagar máis por un servizo de limpeza de contedores, servizo que antes non figuraba no contrato porque era gratuíto e obrigatorio realizalo dúas veces ó ano.

Neste intre **intervén a Sra. Alcaldesa** para aclarar que a empresa non realizaba este servizo e que eran os propios veciños os que o realizaban.

Segue argumentando o **Sr. Aragunde Aragunde** que iso é improbable debido a que por lei se lle obriga a SOGAMA a realizala limpeza dos contedores dúas veces ao ano.

Intervén o Sr. Caamaño Rivas para indicar que se aforra entre 6.000 e 7.000 euros ó mes neste servizo dende que está o goberno actual.

Incide o Sr. Aragunde Aragunde en que no Orzamento para este exercicio aparecen 35.000 euros máis de gasto no servizo de recollida de lixo en comparación co Orzamento do exercicio anterior; por outro lado, critica que Esperanza Salnés recibiu este ano 16.000 euros procedentes de fondos propios, porque este goberno no foi capaz de xestionar ningunha subvención da Deputación de Pontevedra, recordando que o goberno do Partido Popular entregaba a esta asociación 20.000 euros anuais procedentes da Deputación, sen ter que minguar as arcas municipais; en canto ao informe da Interventora, comenta que e coherente, senón non se presentaría no Pleno para a súa aprobación, mostrando ó mesmo tempo a súa desconfianza do resultado ó peche do exercicio; respecto ao colapso no departamento de Secretaría, achaca este problema á eliminación dunha auxiliar, que incorporara o goberno do Partido Popular, provocando atraso na realización de actas e escritos que presenta o seu partido e non se lles responde, tendo, a oposición, que actuar polo xulgado para acceder a un expediente, ocasionando un gasto de 300 euros ao Concello, por este motivo acusa ao goberno actual de falta de transparencia; segue coa súa intervención aclarando que os concertos da Festa do Albariño si lle gustaron, pero non teñen repercusión internacional, como é no caso do artista Julio Iglesias, en cuxa páxina web sae o Concello de Cambados, ó igual que o artista Maná, en cuxa páxina web tamén figura o Concello de Cambados ao lado de grande capitais, engadindo que o que se buscaba era repercusión internacional; seguidamente o Sr. Aragunde Aragunde arremete contra a Sra. Alcaldesa citando unha serie de declaracións que a ela mesma fixo o 3 de abril do ano 2014 nun Orzamento presentado polo Partido Popular, que cita textualmente así: *“avoga por uns Orzamentos participios nos que os veciños de Cambados poidan decidir a que se destinan os fondos e cales serán as prioridades de inversión do Municipio, un ano máis non contan cos veciños ou coas opinións e suxestións do resto dos grupos políticos”*, *“outro ano máis os datos de gastos de persoal*

volver a levar a meirande parte do presuposto, tres con seis millóns, un 42% do Orzamento”, “no exercicio anterior superouse con amplitude o límite de 80 horas extraordinarias”, “existen discrepancias do posto de traballo da técnica museística, ó parecer grupo A2 nivel 22, cando as súas funcións son do grupo C”, a todo isto o Sr. Aragunde Aragunde pregunta con que asociacións de veciños se reuniu este goberno para realizar o Orzamento, dado que o Partido Popular non tivo oportunidade de participar, pois entregaron un Orzamento pechado; por outra banda tamén lle reprende que o seu goberno tamén superou o límite de horas extraordinarias no exercicio 2016-2017 con bastante amplitude, como pagarlle a un señor 1.500 euros en pagas extras en cinco días; tampouco entende esa especial atención á técnica museística dado que na RPT baixoulle o soldo e chegaron ao xulgado; crítica tamén o Sr. Aragunde Aragunde que o Partido Popular nunca lle baixou o soldo ao persoal nas RPT ademais de que foron aprobadas con maior número de sindicatos, engadindo que o seu partido político, cando gobernaba, fixera unha votación con todos os empregados do Concello na que o 85% votaron a favor, mentres que o goberno actual non chegaron a facer esa reunión; agrega que o secretario non quixo facer un informe da RPT presentada polo goberno actual porque o ía facer negativo, cre que se espremeu ao secretario para que non fixera o informe.

Intervén a Sra. Alcaldesa para instar ao Sr. Aragunde Aragunde de que o que está argumentando é unha acusación moi grave.

Segue o Sr. Aragunde Aragunde e insiste en que a súa RPT tiña máis apoio; remítese novamente á acta do 3 de abril do ano 2014, na que o Sr. Caamaño Rivas dicía textualmente o seguinte: “representa un Orzamento de 8.700.000 euros no que a meirande parte, o 86% destínase a gastos de persoal e gastos correntes, capítulos un e dous, e que a lei non permite superar o capítulo de persoal o 30%, cando está arredor do 42%, polo tanto non podemos aprobar estes Orzamentos”; de seguido vólvese a remitir a outra acta do ano 2015, na que o goberno actual argumentaba que os Orzamentos presentados polo Partido Popular non eran participativos, e na que alegaban que non entendía como tendo funcionarios adscritos ao departamento de urbanismo, se exteriorizara este servizo sendo traballos realizados por persoal alleo, ao que o Sr. Aragunde Aragunde lles reprende que este goberno non reduciu a partida adicada a traballos realizados por persoal alleo de 40.000 euros a 30.000 euros, senón que fixo dúas partidas, por un lado unha partida de 30.000 euros e por outro 10.000 euros, que tamén pertencen a traballos alleos; agrega tamén, que o Partido Popular adicou o 86% do Orzamento aos capítulos 1 e 2, cando gobernaba, pero agora, o goberno actual, adica o 85% do Orzamento deste exercicio, ó mesmo tempo que antes o Partido Popular adicaba o 42% á partida de persoal, e agora este goberno adica o 41%; para rematar a súa intervención, o Sr. Aragunde Aragunde, como portavoz do Partido Popular, manifesta que votan en contra da aprobación deste Orzamento, esgrimindo os propios criterios do goberno actual, expresados nos Orzamentos do ano 2014 e 2015, e pregúntalles si eles mesmos aprobarán este Orzamento, incumprindo os seus propios criterios recollidos en actas pasadas.

Toma a palabra a Sra. Alcaldesa para indicar que non se arrepite desas declaracións e que segue a pensar o mesmo, por unha parte indica que o seu Orzamento está acordado por catro grupos políticos, conformados por 9 concelleiros con ideoloxías políticas completamente diferentes, mentres que o Partido Popular elaborouno con 11 Concelleiros da mesma ideoloxía política; a maiores, indica a Sra. Alcaldesa, trouxeron ao Pleno unha Ordenanza para a participación cidadá, na que os veciños do Concello de Cambados poden mostrar as súas suxestións, á par de que o goberno se reuniu con diversas asociacións e entidades; con respecto ás horas extras, indica que a súa crítica foi dirixida ás horas extras que realizaba o persoal de confianza do Partido Popular, e por iso as levaron a fiscalía, non de operario nin de Policía; en canto á técnica de museos, indica que o seu goberno fixo unha reestruturación da RPT por causa de que había unha directora de museos cando non existía un departamento de museos e non tiña persoal ó seu cargo, insistindo en que a RPT tiñase que adecuar á realidade existente no Concello, e indica que, no xuízo pola modificación dese contrato, a xuíza doulle a razón ao Concello; en canto ao exceso de horas extras, sinala que son debidas á mingua de persoal, en comparación a cando gobernaba o Partido Popular, dado que houbo falecementos e xubilacións, e por causa dunha lei de sostibilidade do Goberno Estatal, na que non se permite aos

Concellos contratar, e polo tanto suplir estas vacantes; respecto a outro salario que se modificou na RPT, indica que se fixo porque esta persoa cobraba por unha produtividade cunha especial dedicación que a día de hoxe non estaba tendo, polo que non entende porque unha auxiliar administrativa estaba a cobrar por unha produtividade que non existía, e explica que que non foi unha baixada, se non unha reestruturación para que agora cobren todos os auxiliares administrativos o mesmo; tamén indica que o argumentado dos Sindicatos non é de todo correcto, pois o seu goberno tivo dous Sindicatos a favor e dúas abstencións, as cales foron debidas a que os Sindicatos pedían máis modificacións que, no ano 2017, o goberno non se podía comprometer a unha serie de propostas que non sabían si se poderían levar a cabo, e acordaron cos Sindicatos incluír esas modificacións na RPT do ano 2018; indica que a súa RPT tiña informe de Intervención, dunha asesoría xurídica e dun asesor privado, e fai saber, ao Sr. Aragunde Aragunde, que as acusacións de espremer ao secretario, para que fixera un informe, son graves.

Toma a palabra o Sr. Charlín Trigo e indica que lle parece curioso que se xestionen as subvencións petando na porta das Administración e conseguir fondos para inversións pedindo préstamos e aumentando a débeda, explicando que lle parece que o máis correcto é acceder a unha subvención por concorrencia competitiva, como pasou co Polígono Industrial, que durante dous anos fomos o Concello de Galicia que maior puntuación na valoración obtivo, e lembra que no ano 2015 o Concello perdeu unha axuda de 180.000 euros de inversión, porque o Partido Popular non respondeu a un requirimento de documentación, dado que sabían que podía haber un cambio de goberno, e non lles interesaba que o novo goberno tivera eses cartos para inversión; en canto ás acusación de atrasar a inauguración da Piscina Municipal por motivos electoralistas, recórdalle ao Sr. Aragunde Aragunde que o seu goberno sacou a licitación das obras un mes antes das eleccións, e iso si son motivos electoralistas, no agora, cando queda un ano para as eleccións; tamén argumenta que os 521.000 euros proceden de morosidade, e non de facturas extraxudiciais, e acusa ao Partido Popular de deixar o Concello cunha morosidade de 1.300.000 euros, mentres que o seu goberno, no mes de outubro tiña unha morosidade de 800.000 euros e que o goberno actual tardou dous anos en pagar os 750.000 euros de débeda que deixou o Partido Popular, porque xa gastaran no ano 2014 500.000 euros, que foron a recoñecemento extraxudicial de crédito, e que xa o aprobaran no ano 2015 e por iso non había Orzamento para aprobar recoñecementos extraxudiciais de crédito no ano 2015 e tiveron que aprobarse no ano 2016, habendo algunhas facturas que aínda entraran no ano 2017 (a factura da comida da Festa do Albariño do Partido Popular pagouse a comezos do ano 2017); indica que a Interventora, antes de deixar o seu posto no Concello, tivo que facer un informe das facturas pendentes, a peche do exercicio do ano pasado, e fai saber que o informe indicaba 1.900 euros pendentes; por outra banda indica que Gas Natural e Fenosa facturou con data 2018 facturas correspondentes ao ano 2017; segue a súa intervención facendo fronte ás acusacións emitidas pola oposición, en canto á modificación de prazos da facturación de provedores para estancar o gasto nos últimos meses do ano, indicando que no mes de decembro cambiaron o servidor, que custou 6.000 euros, porque había risco de que se saturara a rede, e factura presentouse en decembro, ó igual que a factura, de 30.000 euros, do arquitecto polo proxecto da praza, que tamén se lle abonou en decembro; sinala que lle sorprende que a oposición fale de facturas sen pagar, cando no ano 2009 entrou por Rexistro do Concello de Cambados unha factura do matadoiro de facer un muro, de 80.000 euros, e non se contabilizou, sendo moi grave, e habendo un informe da Interventora indicando que esa factura entrara por Rexistro e non se chegou a contabilizar nin sequera a devolución; en canto ao concerto de Julio Iglesias, non presentou factura, e aínda están sen pagar parte dos gastos (14.000 euros), ó igual que unha factura de 3.000 euros do alugueiro dunha grada que están sen pagar, porque cada asento desa grada saía a un custe de 10 euros e a oposición vendeu as entradas a 5 euros; doutra banda, o Orzamentado para SOGAMA son 400.000 euros, e non 600.000 euros, e expresa as súas dúbidas de que o servizo de limpeza dos contedores fora gratuíto, engadindo que o mantemento dos contedores soterrados non se facía e agora hai que abonar ese custe, como os 15.000 euros que custou unha reparación; por último a tratar a Festa do Albariño, que indica que os hostaleiros pediron máis amplitude de horario e iso é porque hai afluencia, e polo tanto repercusión; por último aclara que os 30.000 euros da partida a traballos alleos pertencen a

arquitectos e técnicos, mentres que os 10.000 euros pertencen á Administración Xeral, como asesores legais, lembrando que no último Orzamento realizado polo Partido Popular, no ano 2015, adicaron á partida de traballos alleos 70.000 euros.

Neste intre a Sra. Alcaldesa indica que se ausenta momentaneamente do Pleno, sendo as 22 horas e 57 minutos

Toma a palabra o Sr. Abal Varela, Concelleiro de Urbanismo e pertencente ao grupo político Cambados Pode, e explica que no custe do servizo de alumeadado público hai unha redución do 25%, que forma parte do plan de aforro enerxético, no que levan traballando dende outubro do ano 2015, e están próximos a aforrar preto de 150.000 euros ao ano, e este aforro repártese a outras partidas (limpeza, becas para estudantes ou gasto social), á par de que se conseguiu mellorar un servizo que tiña numerosas avarías, inverténdose, no ano 2016, 50.000 euros na mellora das liñas de cableado nas parroquias de Vilariño e de Castrelo, e despois, con fondos municipais cambiáronse no casco urbano cadros eléctricos e liñas de cableado que supoñían un perigo polo mal estado no que se atopaban.

Sendo as 22 horas e 59 minutos, a Sra. Alcaldesa reincorporase o Pleno.

Continúa a súa intervención o Sr. Abal Varela recoñecendo que efectivamente hai 500.000 euros de recoñecemento extraxudicial, contemplados no Orzamento, que son debidos ao gasto imprevisto do acontecemento Cidade Europea do Viño, no que todos os grupos políticos coincidían en que era unha oportunidade única para facelo, dado que só se podía facer ese ano, e de feito, o impacto foi moi importante na economía local con un incremento do 25% do turismo, e destaca a actividade do ENOBUS, sendo interesante e á vez sostible economicamente; en canto ao tema de limpeza, explica que a melloría notárona os veciños e mesmo os visitantes que viñan á Festa do Viño, e iso contribuíu precisamente a proxectar esa imaxe de excelencia dos viños das Rías Baixas, e en xeral, a limpeza nas rúas nunca se fixo como ata agora, pondo por exemplo que a Praza de Fefiñáns se limpe cada día; en canto á limpeza nas parroquias, indica que o servizo mancomunado de maquinaria, que antes estaba abandonada, estase a utilizar quince días en Cambados e quince días noutro Concello, para limpar as cunetas nas áreas rurais e nas áreas parcelarias; segue a comentar, que en canto aos ingresos por taxas e licenzas urbanísticas, destaca que se incrementou ó redor dun 25%, debido por unha parte á recuperación da economía, pero tamén debido a que se comezou a utilizar o criterio da área de expansión de máis de 40 metros nas zonas rurais e o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), que fai máis superficie edificable e máis ingresos; tamén destaca a baixada do IBI, que nos últimos anos reduciuse un 17%, e fixo que afloraran novos inmobles de forma voluntaria e polo tanto máis ingresos.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde para manifestar que cando o Partido Popular gobernaba tiveron que subir en dúas ocasións o IBI por mandato do Ministerio, e indica que antes disto tíñano no 0,44, máis baixo do que está agora; expresa tamén, que dende o seu partido, ven as parroquias en peor estado e os parques infantís deteriorados.

Non habendo máis intervencións, procédese coa votación acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (PSOE, SOMOS CAMBADOS, CAMBADOS PODE, BNG).

Votos en contra: 6 (PP).

Abstencións: 0

Sometido o asunto a votación, O Pleno da Corporación Municipal, acorda aprobar, por maioría de votos, o **Orzamento para o exercicio 2018**.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as vinte e tres horas e dezasete minutos, estendéndose a presente minuta-borrador de acta que asina a Sra. Presidenta, de todo o que eu, Secretaria, dou fe.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE